

*RESOLUCIÓN do .... de ..... do 202., da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se convoca concurso específico para o ingreso na categoría estatutaria de persoal enfermeiro especialista na especialidade de enfermaría pediátrica.*

A disposición transitoria segunda do Decreto 81/2016, do 23 de xuño, polo que se crea no ámbito do Servizo Galego de Saúde a categoría estatutaria de persoal enfermeiro/a especialista (*Diario Oficial de Galicia* Núm.133, do 14 de xullo), estableceu un procedemento específico de acceso, mediante a convocatoria diferenciada, polo sistema de concurso, á categoría e prazas de enfermeiro/a especialista.

Por Resolución do 21 de marzo de 2018, da Dirección Xeral de Recursos Humanos (*Diario Oficial de Galicia* Núm.63 do 2 de abril), aprobáronse co apoio das organizacións sindicais CIG, CESM-O`MEGA, CC.OO., UGT, CSIF e SATSE, as bases do procedemento do concurso específico para o ingreso na categoría estatutaria de persoal enfermeiro especialista.

En execución destas bases, con carácter transitorio e excepcional, realízase a primeira convocatoria diferenciada para o acceso, polo sistema de concurso, á categoría e prazas de enfermeiro/a especialista na especialidade de enfermaría pediátrica, no seo da implantación da nova categoría de enfermeiro/a especialista e nos termos previstos no artigo 34 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde e do artigo 25.3 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

O resto de prazas da especialidade de pediatría, que poidan ser obxecto de procedemento específico de acceso, serán ofertadas nun segundo proceso excepcional que poñerá fin á vía transitoria nesta especialidade.

De conformidade co establecido na disposición transitoria segunda do Decreto 81/2016, do 23 de xuño, en uso da competencia que lle atribúe o artigo 4.1.b) da Orde do 5 de xullo de 2012 (*Diario Oficial de Galicia* nº 139, do 20 de xullo) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, este centro directivo,

#### **RESOLVE:**

##### **Primeiro.**

Convocar o primeiro concurso específico para o ingreso na categoría e praza de persoal enfermeiro/a especialista do Servizo Galego de Saúde, na especialidade de enfermaría pediátrica.

A convocatoria está aberta ao persoal diplomado ou graduado universitario de enfermaría con vínculo de fixeza que desempeñase no Servizo Galego de Saúde na data da entrada en vigor do Decreto 81/2016, ou

nun momento anterior, as funcións propias da especialidade e acredite o título da especialidade de enfermaría pediátrica.

**Segundo.**

O número de prazas que se convoca no presente proceso, na categoría de persoal enfermeiro/a especialista especificase no seguinte cadro:

Especialidade	Grupo	Centro	N.º PRAZAS	Titulación
Enfermeiro/a especialista en enfermaría pediátrica	A2	Área Sanitaria da Coruña e Cee.		Título universitario oficial de Grao/Diplomatura en Enfermaría e o Título de Enfermeiro/a especialista en Enfermaría Pediátrica.
		Área Sanitaria de Ferrol.		
		Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.		
		Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.		
		Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.		
		Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.		
		Área Sanitaria de Vigo.		

**Terceiro.**

Serán de aplicación a este proceso as bases aprobadas mediante a Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 21 de marzo de 2018 (DOG núm. 63, do 2 de abril).

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo. Potestativamente, e con carácter previo, poderán interpoñer recurso de reposición ante esta dirección xeral, no prazo dun mes contado a partir da mesma data, de conformidade co que establece a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, .... de ..... de 2020

Margarita Prado Vaamonde

**Directora xeral de Recursos Humanos**